

BRIGITTE SCHWAIGER

Como chega o sal ao mar

Traducido por Rosa Marta Gómez Pato



Hugin e Munin

Respectable, diante do espello do dormitorio dos meus pais, respectable, iso é o máis importante. A avoa pronúnciaa con énfase. Esa sinxela palabra que o contén todo, o alivio e a tranquilidade, en canto se di: respectable. Unha cremalleira quedou enganchada. Vai calor, habería que abrir a ventá, o aire está viciado. Mamá intenta meterse no vestido. A tea enganchouse na cremalleira. Sempre con eses trapos, di papá. Non son trapos, di a avoa, é unha tea moi boa. Colle a dobra entre os dedos. Por que dis sempre?, pregunta mamá. Só puxo este vestido unha vez, no enterro do avó. É elegante, di a avoa. Papá impacientase. Hai unha hora que está listo, onte foi ao peiteador para que lle rapasen a noca. Traxe negro, pano branco no peto, sombreiro gris. Podo ir así?, pregunta a avoa. Claro, vai como queiras, quen se vai fixar en ti? Ninguén te mira, es maior, por suposto que podes ir así, ademais, tampouco farías caso do que che dixesen. Levas moi calado o gorro de pel. Semellas unha campesiña rusa. Veña, podes ir así sen problema, di papá. A cremalleira de mamá subiu por fin. Seca as pequenas pingas de suor que lle empapan as cellas e pinta os beizos, unha boca da que aínda pode estar orgullosa. Un segundo, que lle teño que sacar

brillo ao bolso. O coiro debe estar relucente. Papá de-
sexa saber dende cando ten mamá ese bolso. Dende hai
anos, responde ela. A avoa asente. Non cho vira nunca,
afirma papá. É un bolso moi elegante, di a avoa, vai ben
cos zapatos, e iso é o máis importante. Mamá alisa as
luvas. Pregunta se debe levar posta a da man esquerda
e a da dereita portala na man. Conxelaráseche a man,
advirte a avoa. Apurade, di papá.

E a esta... que lle pasa? Por que estás tirada na
cama? Non te atopas ben? De súpeto, os tres rostros
sobre min. Engurras o vestido! Cálzate! Colle o abrigo!
Que abrigo? O teu, cal vai ser se non? Que abrigo tan
fermoso, di a avoa, así si, así pódeste deixar ver. Vou or-
denar isto un pouco, di mamá, está todo ciscado por aí,
déixame recoller. Non, papá ten présa. Ves?, xa engu-
rraches o vestido, co bonito que é! Como se che ocorre
deitarte na cama? Déixame mirar! Por que non fuches
ao salón de peiteado? Que nervios, di a avoa, cada vez
que o penso... Pois non o penses, di papá, mellor abro-
cha a chaqueta. Cada vez que o penso, di a avoa, meu
Deus! Se semella un cadáver! Esta cativa come pouco
e fuma moito. Todos os días un café só co estómago
baleiro! Por favor, hoxe non botes a túa colonia, di ma-
má, e ponlle un frasco á avoa na man. Sentarán xuntas,
e mamá non soporta a colonia 4711 da avoa. Pero se
sempre levo a miña colonia!, di a avoa. Di que é a que
leva decote. Ademais ten que aforrar. Quen di que teñas
que aforrar se todos os meses recibes diñeiro dabondo!,
exclama papá. Teño que pensar no futuro, contesta a
avoa. Imos, di papá, ou pensáchelo mellor?

E que pasa se o pensei mellor? Se chamamos e di-
cimos que non imos. Quizais outro día, máis adiante,

